

Ir por lan...

HOUBO n-a miña parroquia un cura de eses que toman á peito que os demais non fagan o que eles fan, ou que non vexan as cousas como eles as ven. Pol-o demais, era un santo varón, e tan pouco dado ó mundo que, según contan, aínda a terra non se atreveu co seu corpo. Padricaba co a palabra, e daba enxemplo c-os feitos. N-a sua casa habia letreiros por todas partes pra que os seus freigüeses mais parvos non se trabucasen n-o caniño do ceo. N-o soborlume da porta da escaleira estaba o pirmeiro, que dicía: *Specta paulisper* (espera un pouco). Alí, antes de pasar adiante, facían a sinal da cruz cantas sacometeiras iban á ver ó señor abade. N-o comedor fixera pintar dous: un frente á cabeceira da mesa onde él se sentaba pra comer, que encargaba pouco barullo cando se facía ben pol-o corpo: *Dum manducas, siles* (mentres comes, calas); o outro quedaba mesmo por detrás d-él cando se puña á mesa, como feito adrede solasmente pr-ós d-afora. Este era un aviso macuco: *Fratres, sobrii estote et vigilate* (hirmaos, comede pouco e dormide menos). Non lle importaba ó cura que os seus convidados larpeasen canto lles pidise o estámago e aínda mais, pero doíalle a concencia se por ser tan farto n-a sua casa algún gulusmeiro se condanaba. E esto fixoo cavilar tanto que, aconsellándose co a familia, detrimíñou non lle dar mais de comer ós cregos anque os vise langrear de fame. E, meu dito meu feito, o día de San Antón despachounos á todos con soilo os cartos da misa, encargándolles que pr-ó domingo viñesen o mais cedo que poidesen, porque a misa sería as once.

Cando os cregos viron que os despachaba co a barriga baldeira, foron saíndo da sancristía trinando contra él. N-o adro esperaron uns ós outros, e fixeron o manipodio de non vir ningún o domingo, deixando así sin función á parroquia e á Virxen da Conceución por culpa do seu cura, que lles negaba hastra unha cunca de caldo pra poder chegar con folgo as suas casas.

Veo o domingo, pero os cregos... ¡Vaiche boal ¡quenos vira! Sorte que o da misa e outro compañeiro non estaban n-o contumelio, e non faltaron, xuntándose así tres. Pero ¿quén cantaba no sobrado? O cura, apelando ás do saco, mandou á buscar un de eses renegados que volven de Buenos Aires pra que o sacase d-aquel apuro. Foy lixeiro o *americano*, e collendo o misal debaixo do brazo, alá se vay moy foncho á lucir a súa palleta.

Comezou a misa; e o cura, que n-as tiña todas consigo, escramou: *¡Sit in nomine Domini benedictum!* (vaya todo por Dios). Conforme adiantaba o santo sacrificio íbase tamén dexergando a alma do cura que saía de penas. Cando chegou o *Credo* e o cantor botou moy ripinicado o seu *factus est*, revíase tanto o cura que mesmo saltaba de alegría n-o banco onde estaba sentado. ¡Qué crego nin qué frade o había de facer millor que ese *americano* que n-América non pensara mais que en traballar, hencher as maos de talos e a faltiqueira de... ilusións, sin acordarse de ir á misa, nin de cumprir e-os mandamentos da Santa Ilesia! Así dicían os tres de sotana cando tomaban a parva.

D'ahí en diante o cura valeuse de cregos d'afora, sin ter que lles render bandeira ós que lle fixeran á figa.

Pr-ó preceuto veuse n-elas: tivo que ir hastra Santiago en busca de un amigo que le axudase. Doulle palabra de asistir e non faltou: pol-a miñán cedo chegou n-un cabaliño que lle alquilara á Roxa de Pitelos, con un espolista lareto pra coidal-o cabalo.

Puxéronse todos con ansia á fregar, barrer e sacudir a conciencia dos pecadores hastra que os deixaron como corales. Despois d-este trafego fóronse á xantar.

Alá pol-as tres da tarde chamou o de Santiago ó alquilador pra que arrease o cabalo. Cando se presentou o espolista, dixo moito o crego: aquí vos presento á un hirmao do Arcebispo... Todos quedaron suspensos ó oír tal cousa. Algúns dos mais labercos non aturaban co a risa.

—¿Hirmao do Arcebispo un alquilador da Roxa? ¡Ar-négote!

—Así m-o asegurou él baixando Cacheiras, dixo o santiagués.

—Eso é tan certo e tan craro coma auga que me dou a súa ama ó xantar. Eu tampouco o sabía hastra que o mesmo Arcebispo m-o dixo.

—Boeno, toma un vaso e cóntanos eso do parentesco;

porque á min non me fas tragar que, sendo alquilador, seas hirmao do Perlado.

—¡Qué quer, señor: se vosté poidera ser canónego, non sería cura de aldea!

—Xa se ve que non.

—Pois á min pásamelle o mesmo.

—Vamos ó conto.

—Vaya estonces pol-a salú de vostés todos.

—Que che aporveite.

—Un día viña su aminencia da Ilesia de Nosa Señora do Camiño, cando eu atravesaba a praza de Cervantes todo escalazado e cheo de fame e frío. Miroume con tanta bondá que me atrevín á botarme de rodillas ós seus pes dicíndolle: ¡Unha limosna, señor!... E él contestoume, parece que con moita pena: ¡Perdone, hermano!...

Todos se botaron á rir á mais non poder.

O meu cura, que era moy chusco, non se dando por vencido, chamouno pra mais preto de sí, e enseñándolle o letreiro que tiña detrás do seu taboete, díxolle: o hirmao d-un Arcebispo debe de saber un cacho de latín.

—En Santiago, señor, saben latín hastra os cabalos da fonte das Praterías; pero á min nunca me lle entrou n-a cabeza.

—É vergonzoso pra un santiagués hirmao do Arcebispo non saber siquera traducir estas palabras tan fáceles.

—Boeno, señor, se vosté me da outro vaso pra tomar folgo, vercy se podó facerlle ese gusto.

—¡Vaya, vaya, este eixo non canta se non lle dan touciño!! Pois toma.

—Que por moitos anos. (*¡Intellectus apretatus discurrit!*)

¿Querme o señor dicir palabra por palabra das que están escritas á ver se eu llas podó traducir?

—Sí, hom, sí. Empecemos:

—*Fratres.*

—Os frades.

—*Sobrii estote.*

—Están de sobra.

—*Et vigilate.*

—E moito ollo con eles.

BERNARDO RODRÍGUEZ.

Buenos Aires, 1904.